

**INFORME DE NECESIDADE**

CONCELLO DE	TEO
DATA	14/10/2019
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	UXIA LEMUS DE LA IGLESIA CONCELLEIRA DE URBANISMO EN FUNCIONS
DENOMINACION DO INVESTIMENTO	AFIRMADO E ACONDICIONAMIENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	<b>61.456,00 EUROS</b>
EXPEDIENTE	POS+ 2019

O presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para a mellora do viario municipal en PITE, parroquia de Lucí, infraestrutura municipal de uso veciñal. O deterioro dos viais obxecto deste proxecto é consecuencia tanto da antiguedade do último pavimento realizado polo Concello neste vial, como das inclemencias meteorolóxicas propias do paso do tempo así como do desgaste ocasionado polo propio uso do mesmo, polo tráfico de vehículos diario que discurre por él e como consecuenziadas reposicións parciais de aglomerado en zanjas e acometidas das distintas instalacións. E un factor importante tamen para a súa renovación, a necesidade de obter accesos máis axeitados e eficaces aos existentes, así coma a mellora da sinalización horizontal e vertical. Todos estes factores fan recomendable as actuacións previstas as cales redundarán en calquera caso no beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

Para iso recórrese en todos os casos a estender unha nova capa de aglomerado asfáltico sobre a base anterior, xa que desta maneira elimínanse os problemas de desgaste e perda de ligante, e recupéranse as características de forma orixinais do pavimento. Considerase conveniente asfaltalos a base dunha rodaxe de aglomerado asfáltico tipo S-12 modificado de 6cm de espesor, e rega de adherencia con 1.5 Kg/m<sup>2</sup> de emulsión asfáltica, incluíndo o levantamento de tapas de arquetas e tapas de rexistro. Realizarase finalmente a sinalización horizontal mediante pintura termoplástica branca ou amarela segundo sexa o caso.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, para a mellora das infraestruturas viarias que contribúan a mellorar a calidade de vida e a seguridade viaria dos habitantes dos mesmos.